



RESOLUCIÓN POLA QUE SE DECLARA DESERTO O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE IMPRESIÓN E PERSOALIZACIÓN DE TÍTULOS OFICIAIS E O SEU SUPLEMENTO EUROPEO (SET) POLO PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE.

Expediente de contratación: 2016/4007

ANTECEDENTES

Por resolución do 17/10/2016 autorizouse o inicio do expediente de contratación do servizo de "Impresión e personalización de Títulos Oficiais e o seu Suplemento Europeo (SET)", polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, por un importe total de TRESCENTOS TRES MIL CATROCENTOS SETENTA E SETE EUROS CON OITO CÉNTIMOS (303.477,08 €/ 3 anos) 21% IVE incluído, con cargo a partida orzamentaria 04.00 422D 227.06.

Con data 02/03/2017 reúnese a Mesa de Contratación e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión de todos os licitadores : Imprenta Universal, S.L., Signe, S.A. e UTE Didosge, S.A.-Ovelar, S.A. por incumprir o indicado no Prego de Prescricións Técnicas (PPT). Asimesmo, acorda propoñer que se inicie un novo expediente de contratación polo procedemento aberto.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. DIRECTIVA 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública e pola que se deroga a Directiva 2004/18/CE.
2. Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
3. Real Decreto 817/2009, de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
4. Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
5. Prego de cláusulas administrativas particulares da Universidade da Coruña, coa referencia 6-2012-PCAP-SER-PNSP-TRLCSP para a contratación de servizos mediante o procedemento negociado sen publicidade
6. Normas para a aplicación do procedemento negociado e a tramitación dos contratos menores na contratación administrativa da UDC, de data 27 de abril de 2012.
7. Prego de prescricións técnicas do expediente.
8. A normativa vixente na Universidade da Coruña.

De acordo con todo o indicado, a xerencia en uso da delegación reitoral do 12 de xaneiro de 2016, sobre delegación de competencias na xerencia da Universidade en materia de contratación,

RESOLVE:

1. Excluir a todos os licitadores: Imprenta Universal, S.L., Signe, S.A. e UTE Didosge, S.A.-Ovelar, S.A. do expediente de contratación núm. 2016/4007 do "Servizo de Impresión e persoalización de Títulos Oficiais e o seu Suplemento Europeo (SET) e declarar deserto o citado expediente.
2. Autorizar ao Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica (SPIXE) para que realice as tramitacións necesarias para ~~a~~ anular a citada contratación e autorizar o inicio dunha nova por procedemento aberto.

A Coruña, 03 de marzo de 2017



O reitor
PD. O Xerente
(R de 12/01/2016)

Ramón del Valle López